

RECOMENDACIÓN ÁS COMISIÓNS PARITARIAS SOBRE A APLICACIÓN DO REAL DECRETO 742/2016, POLO QUE SE FIXA O SMI PARA 2017

A negociación colectiva cumpre un papel fundamental no contorno cambiante no que permanentemente están inmersas as relacións laborais, tanto por razóns socioeconómicas como lexislativas.

Neste contexto, a comisión paritaria, entendida como órgano encargado da administración, interpretación, aplicación e vixilancia do cumprimento dos convenios colectivos, permite ás representacións asinantes do convenio dar cumprida resposta aos conflitos que poidan xurdir na súa aplicación, así como unha interpretación acorde cos cambios lexislativos ou de circunstancias que foron tidas en conta no momento da sinatura e que evolucionaron co tempo, para evitar conflitividade ou desfase de contidos respecto a novos escenarios.

O Real Decreto 742/2016, do 30 de decembro, fixa o salario mínimo interprofesional (SMI) para 2017 e recolle na Disposición transitoria primeira as regras de afectación da nova contía do SMI nos convenios colectivos, cuestións estas que están a ser obxecto de numerosas consultas no Consello.

Conforme a isto, o Observatorio de negociación colectiva do Consello Galego de Relacións Laborais, co respecto en todo caso da autonomía das partes negociadoras, acorda dirixirse ás comisións paritarias dos convenios colectivos sectoriais vixentes para que consideren a posibilidade de analizar e, de ser o caso, publicar as aclaracións que estimen oportunas para a correcta aplicación do seu convenio á vista do sinalado no citado Real Decreto.

O Consello Galego de Relacións Laborais pon á súa disposición o apoio e asesoramento que precisen para estes efectos.